


ISABEL GARCÍA-RODEJA GAYOSO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA: antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do día vinte e seis de xuño de dous mil nove, acordou o establecemento dun seguro obrigatorio de accidentes e asistencia en viaxe para estudantes da USC, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a vinte e nove de xuño de dous mil nove, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

O Reitor



Senén Barro Ameneiro



## ESTABLECEMENTO DUN SEGURO OBRIGATORIO DE ACCIDENTES E ASISTENCIA EN VIAXE PARA ESTUDANTES DA USC

Acordo do Consello de Goberno do 26 de xuño de 2009

Dende o curso académico 2005/06 estableceuse, por acordo do Consello de Goberno do 20 de xuño de 2005, un seguro obrigatorio para os/as estudantes da USC non cubertos polo seguro escolar, e para calquera tipo de estudos, oficiais e propios, dos que oferta a Universidade. Con esta medida acadouse o obxectivo de que todos os/as alumnos/as da USC teñan a cobertura dun seguro que os ampare fronte a accidentes e outras contingencias derivadas da súa actividade académica.

Por outra banda, vense constatando que o seguro escolar non cubre todas as contingencias dos/das alumnos/as que participan en programas ou convenios de intercambio interuniversitarios, en especial as que se producen nos desprazamentos a outros países, polo que cómpre ampliar a obrigatoriedade de subscribir un seguro a estes alumnos, que dea cobertura e asistencia en viaxe tanto en España como en calquera outro país.

Tamén vense mellorar as prestacións por riscos cubertos de accidentes, asistenciais, de garantías en viaxe e a responsabilidade civil, para todos os/as alumnos/as que subscriban este seguro.

Por último, para garantir que todos os/as alumnos/as obrigados o subscriban no momento de matricularse, faise necesario que seu importe se inclúa na liquidación da matrícula, procedéndose pola universidade a ingresar periodicamente as cantidades recadas á entidade xestora do seguro.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno, na súa reunión do 26 de xuño de 2009, adoptou o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Os/as estudantes que cursen estudos na Universidade de Santiago de Compostela deberán estar amparados por un seguro, calquera que sexa o tipo de estudos ou a modalidade de matrícula. No caso de que non estean no ámbito de protección do seguro escolar do INSS, deberán subscribir un seguro de accidentes e asistencia en viaxe que cubra os riscos derivados da súa actividade académica.

Os/as alumnos/as da USC que cursen estudos no marco de convenios ou programas de intercambio interuniversitario deberán subscribir este seguro obrigatorio, aínda que estean no ámbito de protección do seguro escolar do INSS.

Tamén deberán subscribir este seguro os/as alumnos/as doutras universidades ou institucións educativas que se incorporen a esta universidade para cursar estudos no marco de convenios ou programas de intercambio interuniversitario.

Excepcionalmente e previa solicitude dos organizadores, poderá excepcionarse deste seguro a aquelas actividades formativas que se presten en réxime non presencial.

**SEGUNDO.-** Este seguro obrigatorio dará cobertura a todos os riscos por accidente e outras contingencias derivadas, directamente ou indirectamente, da actividade académica dos/das estudantes. Os riscos cubertos e as prestacións son as que figuran na póliza da entidade

aseguradora. A universidade informarlle aos/as alumnos/as das principais coberturas, correspondéndolle á empresa adxudicataria a xestión do seguro.

**TERCEIRO.-** O pagamento do seguro realizarase dunha soa vez xunto coa liquidación inicial da matrícula, sen que se poida aplicar ningún tipo de exención ou redución.

Periodicamente, a USC transferirá os importes das primas recadadas á conta da entidade xestora do seguro, xunto cunha relación dos/das alumnos/as que subscribiron o seguro.

**CUARTO.-** A cobertura do seguro iniciarase desde o momento en que se comecen as actividades do curso académico, de acordo co calendario académico anual aprobado pola universidade, aínda que os/as alumnos/as non formalizaran a súa matrícula por non estar finalizado o prazo da matrícula, segundo o regulado na convocatoria. Para estes efectos, os/as alumnos/as que se matriculen por primeira vez na USC deberán ter solicitada a admisión, en caso contrario terán cobertura dende o momento no que formalizan a matrícula. Os/as alumnos/as seleccionados para realizar estudos en virtude dun convenio ou programa de intercambio interuniversitario tamén estarán protexidos desde o momento en que teñan que desprazarse para incorporarse á universidade de destino, aínda que este sexa anterior ao inicio do curso académico na USC.

**QUINTO.-** O presente acordo entrará en vigor para as matrículas que se formalicen para o curso académico 2009/10 e seguintes. As convocatorias e publicidade dos estudos deberán conter a referencia a este acordo e ao custo do seguro escolar obxecto de mesmo.

**SEXTO.-** Autorízase ao reitor para que se dean as instrucións precisas para o desenvolvemento deste acordo.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA.-** Os cursos de verán organizados para o ano 2009 rexeranse pola anterior normativa por terse comezado os mesmos con anterioridade á aprobación do presente acordo.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA.-** Este acordo derroga ao adoptado en Consello de Goberno de 20 de xuño de 2005 polo que se establece o seguro obrigatorio para estudantes non cubertos polo seguro escolar